

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE MARZO DE 2008

### OCIHR LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/2713/2007.- JENARO SOMOZA RODRÍGUEZ Y OTROS.-** Rehabilitación de edificio destinado a uso comercial e dúas vivendas na Rúa Vilar nº 11.

**LIC/2422/2006.- MOGAR FORTES S.L.-** Construcción dun edificio de oito vivendas e garaxes na Rúa San Lorenzo nº 12.

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

**LIC/398/2008.- JOSE POSE CORRAL.-** Devolución de Fianza en garantía da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 19-06-2006 (Lic/238/2006) para rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar e local comercia na pranta baixa na Rúa Travesa nº 3.- Importe.- 3.000 €.

**LIC/2154/2007.- CARALINA BARTOLOMÉ HUSSON.-** Devolución de Fianza en garantía da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 2-8-2006 (Lic/ 2332/2005) para restauración de vivenda na Rúa Algalía de Abaixo nº 29.- Importes.- 2.000 €.

### **3.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á remisión á Comisión Executiva do Consorcio de diversas axudas para rehabilitación de elementos especiais de madeira de inmobles.**

Apróbase inicialmente unha axuda para elementos especiais de madeira para unha vivenda na ruela das Fontiñas por importe de 1.454 euros e definitivamente para outra situada na avenida Rosalía de Castro por importe de 14.382 euros. Ambas axudas están condicionadas á aprobación pola Comisión Executiva do Consorcio de Santiago.

### **4.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á aprobación do proxecto de Regulamento do Consello de Compostela Cultura.**

Apróbase o proxecto de regulamento.

### **5 a 43.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

### **44.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas a recursos de reposición interpostos contra diversas liquidacións de impostos.**

Rexéitase un recurso de reposición.

### **45.- Proposta dos concelleiros delegados de Centros Socioculturais, Xuventude e Benestar Social relativa á aprobación dos gastos comúns da preparación e comunicación das actividades da semana social e cultural do CSC do Ensanche.**

Apróbase un orzamento de 2.737 euros para a celebración do programa de actividades "Semana social e cultural O Ensanche", dos que a Concellaría de Centros Socioculturais aporta 800 euros; a Concellaría de Xuventude, outros 800 euros; a Concellaría de Benestar Social, 650 euros; e a Fundación Caixa Galicia, 487 euros.

### **46.- Proposta da concelleira delegada da U MAD relativa á aprobación do orzamento da campaña de alcoholismo xuvenil.**

Apróbase un orzamento de 7.394 euros para sufragar os gastos da "campaña de alcoholismo xuvenil", correspondente ao primeiro semestre do ano 2008.

**47.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á aprobación do gasto da obra de teatro "PISA LA RAYA".**

Apróbase un orzamento de 3.210 euros para o desenvolvemento dunha obra de teatro dentro das actividades de prevención da drogodependencia denominada "Pisa la Raya", posta en escea pola compañía Pikor Teatro.

**48.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á adxudicación da contratación das actividades incluídas no programa de prevención de drogodependencias a través do entrenamento en competencias sociais con adolescentes.**

Apróbase un orzamento de 11.000 euros para a realización do programa de prevención de drogodependencias a través do entrenamento en competencias sociais con adolescentes.

**49.- Adxudicación da asistencia técnica para o asesoramento técnico en prevención de riscos laborais do Concello.**

Adxudícase a devandita asistencia técnicas á empresa SEGAPREL, SL por un importe fixo mensual de 600 euros.

**50.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á celebración do primeiro Congreso Galego de Xestores Deportivos.**

Apróbase un orzamento de 6.600 euros para a celebración do primeiro Congreso Galego de Xestores Deportivos, que se vai desenvolver o vindeiro sábado 29 no Palacio de Congresos.

**URXENCIAS**

1.- Acórdase proceder á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellaría de Medio Rural e o Concello de Santiago para a participación na protección de núcleos rurais mediante a realización de traballos de prevención e defensa contra os incendios forestais nas áreas de especial protección. A Consellaría aporta un total de 36.000 euros.

2.- Apróbase o texto e a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela (Concellaría de Benestar Social) e a Universidade de Santiago para a realización de prácticas de estudantes que participan no curso de posgrao "Máster en Ciencias da Familia". O número previsto de alumnos/as a seleccionar é de 6 por curso e a duración do período de estadía será de 3 meses.

3.- Dáse conformidade á solicitude de petición da axuda para a adhesión da área de Parques e Xardíns do Concello ao sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental EMAS (que se enmarca dentro das axudas da Consellaría de Medio Ambiente ás entidades locais) cuxo orzamento ascende a:

<b>Denominación</b>	<b>Xunta (75%)</b>	<b>Concello (25%)</b>	<b>Orzamento</b>
Contratación da empresa especializada para realización dos traballos de consultoría para a implantación dos sistemas de xestión ambiental EMAS:	5.220 euros	1.740 euros	6.960 euros

Verificación e validación por unha entidade acreditada ENAC	2.379 euros	793 euros	3.172 euros
TOTAL	7.599 euros	2.533 euros	10.132 euros

4.- Dáse conformidade á solicitude de petición de axudas concedidas pola Consellaría de Medio Ambiente para a realización de actividades de educación ambiental, cuxo orzamento ascende a:

Denominación	Xunta (70%)	Concello (30%)	Orzamento
Contratación da asociación "Os picos do Sol" para a montaxe da Feira para a Sustentabilidade.	4.450 euros	1.950 euros	6.500 euros
Contratación dunha persoa para a coordinación e dinamización de boas prácticas relacionadas co desenvolvemento sustentable.	5.450 euros	2.335 euros	7.785 euros
TOTAL	10.000 euros	4.285 euros	14.285 euros

5.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación da "Concesión de Bens de uso público na Alameda, para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo nos anos 2008 e 2009" por subasta e procedemento aberto, fixándose un canon mínimo a satisfacer ao Concello de 112.000 euros/ano.

#### LICENZAS

**634/07.- Construcciones Ruafer, S.A.-** Tres edificios e apertura (Lap/55/08) do uso residencial comunitario (61 viv.), na parcela 7 do SUP-7 de Pontepedriña.-

**651/07.- Fundación José Otero-Carmela Martínez.-** Envío de informe favorable para sometelo a informe preceptivo da Consellaría de Medio Ambiente. Residencia de terceira idade con tanatorio e un garaxe de gran tamaño (Lap/275/07) na Rúa Escultor Camilo Otero, no ámbito do SUP-3, parcela DMI-1, dp.1 de Pontepedriña.-